

50

50 anos Renovando eduCando

colexio de educación infantil e primaria

Raquel Camacho

Revista trimestral
A Coruña decembro 2019



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

VI CONCURSO DE RELATOS

DÁME MEDO

Historias arrepiantes

UN LEMA PARA TODAS E TODOS

IGUALDADE

Toda a comunidade participou na elección

RECOMENDACIÓNS

QUE LER?

Libros para as vacacións de Nadal

DISPONIBLE A VERSIÓN INTERACTIVA NA WEB

O NOSO
VIVEIRO^{2.0.}
EXPRESS

VI CONCURSO DE RELATOS

DÁME MEDO

No mes de outubro, convocouse un concurso de relatos de terror co gallo do Samaín. O fallo do xurado do concurso de relatos, composto por mestras, mestres e Herculino,

HAIKUUUU

“Era unha vez unha momia que camiñaba polo bosque e tropezou cunha pantasma que lle dixo:

—Se queres escapar,
un *haiku* terás que formar!

Á momia, que levaba moitos anos morta de aburrimiento, encantoulle a

decidiu por unanimidade conceder premios a historias como a que che amosamos. Se che gustan as emocións fortes, este é o teu lugar. Meten medo!

idea e dixo:

—Cun langostino
o vampiro Faustino
cae no río.

A momia así marchou pero no bosque un novo entretemento atopou.”

Aula de 6º E1

+ INFO: [Rakonto](#)




ELECCIÓN PARA A IGUALDADE

UN LEMA DE TODAS E TODOS

No colexio sempre estamos co tema da igualdade, pero o

25 de novembro traballámolo máis a fondo.



En todas as clases, cada neno e nena fixo un lema. As mestras e mestres elixiron o que máis lles gustou e puxérono en común.

Acto seguido, puxérono na páxina web para elixilo cunha votación.

Sáú elixido *Ti coma min. Eu coma ti* cun 47,6% dos 349 votos. Unha gran participación.

Bravo pola aula de Infantil gañadora!!! ■

Olga Cavielles Pérez, 6ºB EP

#Ticomamin EUcomaTI


O CEIP Raquel Camacho pola igualdade

MOMENTO PARA A CONCENTRACIÓN E O RELAX

MANDALA DA LINGUA GALEGA

Colle lapis de cores ou rotuladores de punta fina, pon música tranquila e vai coloreando devagar esta mandala

elaborada co logo dos Equipos Dinamización da Lingua galega (EDLG). Shhhh...



VEÑA, ATRÉVETE CON ESTES XOGOS



PASATEMPOS

Facer os xogos que che propoñemos resulta moi divertido, pero a que se che dan un

premio por iso non lle vas dicir que non? Veña, resólveo e entrégao na biblioteca. Sorte!


AS 7 DIFERENZAS

Busca o distinto neste cangrexo do flamante mural mariño do noso patio.



LABIRINTO

Se das achado o camiño da saída, reunirás os apelidos do home ao que se lle dedica o Día das Letras Galegas 2020.



RECORTA E ENTREGA NA BIBLIOTECA

Xa atopaches as 7 diferenzas? Es listo ou lista coma un allo! Pois agora pos os teus datos, colles unha tesoura e recortas este papel pola liña e vas á biblio do cole entregalo. Logo, tócache agardar. Conseguirás premio?

Data límite de entrega: venres, 17 de xaneiro de 2020.

NOME E APELIDOS: _____


CURSO: _____ ETAPA: _____

SOPAS DE LETRAS

Nadal e familia. Atopa 12 membros no barullo de letras.

Nivel
SINXELO

- AVÓ, AVOA
- BISNETA
- CURMÁ, CURMÁN
- FILLA, FILLO
- IRMÁ
- IRMÁN
- MADRIÑA
- NAI, NETO
- PADRIÑO
- PAI, TÍO



A cociña é fundamental nestas datas. Atopa 12 utensilios que hai nela.



Nivel
MEDIO

- CADEIRA
- CAZO, COITELO
- CULLER, FONTE
- GARFO, POTA
- PRATO, TARTEIRA
- TIXOLA
- VAIXELA, XERRA

MENSAXE OCULTA

Cambia cada número pola letra correspondente na orde do abecedario. Olo, no alfabeto galego, non no castelán (que sabes que ten máis letras).

19/9

3/14/11/1

11/9/12

5/20

3/14/11/1

19/9

RECOMENDACIÓN LECTORAS PARA AS VACACIÓN



QUE LER?

Papá Noel, os Reis Magos ou o Apalpador. Pídelle agasallos á quen queiras, pero

proba a escribir o título dun bo libro nas cartas que lles envíes. Vailles encantar!


EDUCACIÓN INFANTIL



LOLA E AS 21 VACAS de Blas Rueda e Blanca Millán. A Lola escapáronlle vinte e unha vacas e están soltas por toda a casa.

+ INFO: [Triqueta Verde](#)

1º E 2º DE E. PRIMARIA



A VIAXE DE OLAF de Martín León Barreto. Os seres fantásticos (como un cabalo con ás) dun pequeno planeta seguen os pasos de Olaf. Ninguén lle dixo que non.

+ INFO: [Kalandraka Editora](#)

3º E 4º DE E. PRIMARIA



A CASA DE HABÍA UNHA VEZ de Ana M. Fernández. Vinte e oito poemas que piden ser recitados en alto para descubrir a música dos contos.

+ INFO: [Edicións Xerais](#)

6º E 5º DE E. PRIMARIA



MALOS TEMPOS PARA OS FANTASMAS de Agustín Fernández Paz. Unha casa antiga e espazosa, sobre a que circulan rumores inquietantes.

+ INFO: [Edicións Xerais](#) ■